

## **Entrar en calor**

---

### **Labrar a palabra tamén é unha forma de celebrar**

Presentación de **Celebración**, Gonzalo Hermo, Apiario, 2015

O xeo rómpese dun machadazo, de toda a vida. E quería romper xeo abrindo fogo: falando dun lugar que coñezo e ao que creo que debo levar a Gonzalo algún día: Seixo Branco. É un lugar preto de Coruña, cunha veta branca de cuarzo que cae ao mar. Un río petrificado, esculpido na pedra. Lembroume a este libro: a primeira sensación que tiven con el entre as mans –o libro físico, porque o contido xa o coñecía- foi a de soste porcelana. Mais sabía que por dentro había máis cuarzo que porcelana.

Quería comezar aí porque *Celebración* debuxoume un territorio na caluga, aí onde o pelo é máis fino e ten tacto de lique: souben da súa existencia e do seu título a bordo dun avión e coñecino por primeira vez – e aprendín certo poema de memoria- noutro lugar, tan preto e tan lonxe de aquí, lonxe de musgos, carrizas, brións e liques.

É inevitable que para min, *Celebración* sexa unha luz de inverno que coñecín no verán, profundamente ligada a Adrià Tárrega, a Mireia, a Susanna, Albert, Sebastià, e a Chus Pato, que me agasallou cun intruso que resultou ser un corazón novo [Jean Luc Nancy, *El intruso*]. Gonzalo, profeticamente, escribiu: «e o corazón un intruso que se move / e avanza / sobre o inverno»

É inevitable que para min que o núcleo candente deste libro sexa un deses poemas que aprendimos de memoria e que as súas palabras fetiche - labradas co mimo que Gonzalo labra e celebra, brutalmente sutil- se me teñan fosilizado no río das neuronas: **invernada, graínzo, bioma de musgo, ventrullo, tundra, breña, brazadas, textura, liques, trazado, cinzas, cisne, sintaxe, nexos e, por suposto, cuarzo**. É o poema *Musgo#1* deste libro sen páxinas, sen ruído, só o ruído branco da verba. Ese poema foi como un mantra nas *Veus paral.leles*, un encontro de poetas en lingua catalana e lingua galega durante o verán do 2013 onde, ademais de converxer con poetas noutras linguas, converxemos con criaturas creadoras na nosa propia lingua ☺

E todas alí ficamos cativadas da beleza no frío, esa **beleza en nitróxeno líquido, arrasada de ardor**: substancias que de puro frío, queiman, fríen, flamexan.



Gonzalo Hermo escribe a pedradas. Ou quizais escribiu a pedradas -en *Crac*- e logo veu un repouso na propia pedra arrebolada. Logo veu a necesidade de

comezar «Despois de Crac» medíndolle as tornas á memoria, ese dique que se nos rebenta non poucas veces no cerebro.

«O cerebro» é a primeira parte da *Celebración*. No cerebro recibimos as primeiras pedradas da vida. No centro do cerebro crían os antigos que aniñaba a pedra da loucura. Se hai loucura na poesía de Gonzalo, creo que sería a loucura xeométrica: o verso é de xeómetra, de balanza e medida perfectas. Afinado, afiado. Pero quen o diría, nesas **pedras brancas como esculturas gregas adivíñanse os restos da policromía orixinal**, nas súas pedras preexiste a calor da vida, son pedras abrigadas de musgo nival como as que crecen máis ao norte do norte. Non hai demasiados referentes explícitos. Nada hai que sintamos fóra de lugar malia que, como di a cita de Gamoneda, «este non é o meu lugar». Nada fóra de lugar neste lugar que non é noso. Só calma chea de exaltación. Só tinta negra chea de versos. E igual que o branco vai cheo das lonxitudes de onda das cores todas, sumándoas e anegándoas, a poesía crúa de Gonzalo é densísima coma unha estrela de neutróns. O colapso gravitacional dunha escrita.

Gonzalo Hermo escribe sobre a escrita, sobre o territorio branco da poesía e a súa proxección de holograma nos corpos animais que a habitan: se non é poesía pura será porque a pureza semella xélida de máis. Un *ermo*. Existen poéticas que parten desa sintaxe angulosa do cuarzo para remexérense en enxames e bandadas, poéticas que entran en calor. Neste libro–cunha escrita que dá ganas de escribir, como as boas escritas- **acabo por entender a poesía como unha cerámica lingüística con vontade de entrar en calor, sen esquecer que procedemos da deriva dun glaciar. Entrar en calor sen perdermos de vista –e de cerebro, e de corazón- o frío.**

Lembro pensar, cando sentía recitar a Gonzalo -que hai que sentilo-, se esas liñas de frío que marcaban o territorio lírico de *Celebración* serían máis ben árticas ou antárticas: e vino claro, como o verá quen o lea. Esta poesía é **ártica**. *Pagan poetry*. Armiña. Circumpolar. Non só pola *tundra*, máis ben polos tímidos animais que agatuñan nesos versos: pelo de animal, alas pregadas de cisne, poutas, aves, insectos apiñados, criaturas de bosque... **«longa membrana que pinza o nervio do idioma»**. Léndote unha se dá conta de que **o idioma é unha cousa viva, como ra ou donicela polar, como as radiolaria que debuxaba Ernst Haeckel no século XIX, que a primeira vista diríanse estruturas mortas e son cousa viva**. É un **frío cheo de vida, é unha contención chea de atención, un baleiro cósmico, un baleiro expreso**. Frío que vai dando paso a un bosque, a unha fraguiza, á maleza animal. E sempre dous. Sempre ti e eu, sempre nós. Sempre nós que se van quedando sos, como no arquicoñecido poema do tamén rianxeiro Manuel Antonio. Gonzalo tivo un avó mariñeiro pero ás veces temos avós mariñeiros e maréamonos no mar: así aquí, máis que de mar, imos por un río, ríos e xeo. O autor chanta os pés no xeo, bate contra el, dálle forma. Déixanos **a contorna do río. A estría**. A cicatriz.

**«Nada distingue os recordos dos outros momentos. Só máis tarde os recoñecemos: polas cicatrices»**, dicía o cineasta francés Chris Marker. As pedras escritas que esculpe e tapiza Gonzalo Hermo, son desa caste moi quen

de cicatrizar e crecer connosco. **Corgas de río en planetas doutros sistemas.**



Se este libro ten unha metade, sendo como é unha colonia de versos que semella flotar no espazo, esa metade quixo abrirse e estoupar coma as **granadas**. En toda celebración hai **piñata**. Hai sorpresa. A contención absoluta que se relativiza de repente e estala. A abella raíña deste enxame de palabras labradas en cera –*Cera Labrada* é o título da colección de Apiario que *Celebración* inaugura- é un corazón palpitante, unha granada. «Esta camada de tecidos baixo a pel», di un verso. Eu creo que case todos os versos de Gonzalo son dignos de ir á pedra ou ao bastidor de brocados, ou de coserse en punto de cruz ou en luces LED, están cicelados a man como cisnes esculpidos no tempo. Son versos únicos. Rúnicos. Unha preciosidade da lingua.

**«para pensar no poema coma un río»**

Estes días, reatopeime cun libro do meu irmán: *Esculpir en el tiempo*, de Andrei Tarkovsky. Nel aparecen estes versos, que me teñen un aquel *gonzalohermo* [trademark] e, sobre todo os finais, moi *Celebración*:

«Sobre las colinas de Grusinia yace nocturna oscuridad;  
ante mí, ruidos, el río Aragva;  
dentro de mí, tristeza y alivio; notorio es mi dolor  
mi dolor está lleno de ti,  
de ti y sólo y sólo de ti... mi confusión  
Nada me entristece o atemoriza,  
y el corazón arde y ama de nuevo –Es que  
no puede sino amar»

O corazón arde e ama de novo, Gonzalo, é que non pode senón amar, e ti parece celebralo non dando puntada nin palabra sen fío. **«Arde un corazón pola banda do nordés»**. Creo que nos fas saber que a celebración é a deflagración absoluta, a calor branca, nunca vin tanto ardor contido nun envoltorio de carazo, de xeadas, unha Raíña das Neves no centro dunha colmea labrada en pole. **«Animal e pedra son un se os convocas a tempo»** escribiches. Ou escribiu alguén dentro desta *Celebración*. Igual de tanto querer esquecer, xa non o lembras.

**«Por todas partes, sinais de peche»**, citas no final a William Gibson, autor de *Luz virtual*, a obra desa frase, e de *Neuromante*, un clásico da ciencia-ficción oitenteira. Hai algo inaugural e final que intúo se celebra aquí, Gonzalo, algo que non sei se comeza ou acaba, se é cerebro ou corazón, boca ou cu, cabo norte ou cabo sur, graínzo ou cinza. Acabamos cunha parte á que chamaches o Pracer. Desembocamos aí como ríos e queremos máis.

**«para volver nacer xustamente**

**é necesario algún xeito preciso de morte.  
Algunha forma rotunda de extinción.»**

Do cerebro ao pracer, todo un decurso. O cerebro é a sede do pracer. O cerebro ten sede de pracer. A temperatura do cerebro dános a temperatura do pracer. **A temperatura da túa palabra é a do nitróxeno líquido: de puro frío, calcina. Vitrifica.** Preserva os tecidos. **«o meu corazón é máis vello que o idioma que falo».** Preserva o corazón. Celebra o cerebro do corazón.

Quixen levarte a Seixo Branco porque como ti dis: **«Tal vez [...] sexa a escrita o fósforo que prende nos cantís cando asomamos a vista e nos miramos/co xesto ansioso das primeiras veces».** Alí cantís hai, pero tamén animais en tobeiras, arroases de paso e furnas polas que sobe a espuma de mar cando hai temporal. Furnas que estoupan como esa granada estoupa.

Lembras, seguro, que eu tiña un vestido branco que poñía en verán, nas *Veus*, e ti bromeabas que querías poñer algunha vez ese vestido branco, queríamos travestirnos os uns das outras e recitar as unhas os versos dos outros, así de coña pero en serio. Xa me dei o gusto de ir recitando aos poucos versos teus. Queda logo pendente o do vestido para a vindeira celebración contigo.

Estíbaliz...Espinosa, decembro-xaneiro, 2015